

"Un pobo sen memoria é un pobo neurótico"

10 de decembro de 2018

<https://adiante.gal/mendez-ferrin/>

[Carlos Alfredo Castromao](#) | Ourense, 10 de decembro. Xosé Luis Méndez Ferrín (Ourense, 1938) é dende hai tempo un dos referentes literarios indiscutibles en Galiza. Non só pola súa extraordinaria obra poética e narrativa, senón tamén polo seu traballo xornalístico, no que se atopa especialmente cómodo nesta altura súa vida, “escribo no xornal para manterme en forma mentalmente, en lugar de facer *sudocus*, coma outra xente da miña idade”. Con motivo do oitenta aniversario, e aínda que confesa que non lle gusta demasiado “que me soterrén vivo”, está a recibir numerosas homenaxes centradas na súa poliédrica personalidade, forxada a ferro no oficio de vivir e de escribir, aínda que, nin sequera hoxe se defina como escritor. Sempre dixo que era un profesor que escribía.

Tiñamos ganas de conversar con Ferrín para o [adiante.gal](#), “un medio que leva o mesmo nome que o semanario das Mocidades Galeguistas de Celanova”, editado precisamente por dous dos seus referentes vitais, Celso Emilio Ferreiro e Pepe Velo. Lémbranos Ferrín que aínda hoxe podemos ver unha pintada de cando aqueles dous mozos fixeron un graffiti con piche nunha caligrafía ben coidada, sobre as pedras do mosteiro da vila, para publicitar o seu voceiro: *Adiante Semanario*. Milagres da vida, a pintada chegou aos nosos días.

Do inesgotable imaxinario de Ferrín nótrense xa varias xeracións. Estanse a facer diversos proxectos artísticos sobre a súa vida e obra, dende [circo](#), teatro ou cine até un videoxogo da *ourensanía*, iniciativas que dan boa conta do carácter aberto e inspirador da súa obra. A orixinalidade deste autor xorde precisamente do seu magnetismo e da súa telúrica forza de atracción, das contradicións e mesmo desa ambigüidade, “sen a que non existe a poesía”. Unha síntese única entre o individual e o colectivo, o medieval, o ancestral e o contemporáneo, a identidade nacional, a universalidade e as vangardas. Unha xanela galaica aberta ao mundo. Un poderoso narrador e un poeta soberbio. Por iso, para xente moi diferente, Ferrín segue a ser o Xefe.

Estivo proposto para o Nobel de Literatura. Ten numerosas distincións, como o Premio da Crítica Española de Narrativa, o da Crítica de Galicia, o Losada Diéguez ou o Eixo Atlántico. Pero Ferrín non só destaca pola súa obra poética, xornalística e narrativa, senón tamén pola súa forte personalidade, o seu imaxinario, o seu paso pola presidencia da RAG e a súa controvertida faceta política, inspirada sempre por Luís Soto, outro revolucionario de Vilanova dos Infantes, coma el.

Agora xubilado, xa non pode vostede seguir definíndose coma un profesor que escribe, ou si?

Ti o acabas de dicir. Son un profesor xubilado, mais tamén son un escritor, só en parte xa tamén medio xubilado, por iso vivo o presente e só me meto en proxectos moi levadeiros e de pouco peso, que se poden desenvolver no curto prazo. E cecáis por iso, tamén hoxe me presta moito seguir escribindo no xornal, que é un bo exercicio mental, mesmo mellor que facer pasatempos...

Segue vostede a escribir moito e ben, e ten lectores moi fieis e incondicionais, pero que lle presta facer a estas alturas da súa vida, con que proxectos anda agora mesmo?

Moitos proxectos non se poden ter. A certa idade hai que ter proxectos de pequena tonelaxe e no curto prazo. Claro que sempre hai poemas dentro, sempre hai relatos e contos e cousas que bulen na cabeza e que van saíndo cando queren. Ao seu ritmo. Eu nunca tiven présa por escribir, nin tampouco ansiedade por non escribir, ou por estar máis ou menos inspirado, nin por ter que andar enleado en grandes obras, e igual por iso sempre escribín cousas curtas. Á miña idade gústame moito o xornalismo e síntome moi cómodo escribindo para o xornal couseira coma as que fago agora.

E aos seus oitenta anos, vostede bota unha ollada cara atrás e que se lle vén á cabeza cando se decata de que chegou tan lonxe nos camiños da vida, que sentimentos lle agroman desde o ese fondo dos espellos dende o que vostede reflexiona, observa e escribe?

Pois penso moito nos da miña xeración, que atravesamos épocas tan diversas... E na xente que sobrevive tamén aos meus anos, claro, porque moitos outros xa quedaron polo camiño. E penso que vivimos grandes mudanzas, diversos tempos, varias épocas históricas, situacionais, de mentalidade colectiva, e tamén de réxime político. Esa realidade que vivimos propicia necesariamente un escepticismo. Mais o escepticismo, ao igual que o colesterol, haino bo e malo... O escepticismo estéril leva á preguiza intelectual. Non hai verdade que se poida acadar, non hai nada, todo é igual, tanto ten, non hai que agardar nada, non hai que sentir nada... E iso non está ben. Pero o certo grao de escepticismo, que sexa o froito da experiencia, é moi útil... Un escepticismo relativo, como dicía o filósofo, é moi saudable e pode mesmo ser positivo. Vimos moitas cousas a xente da miña idade, pero tamén é verdade que as vemos de xeito diferente, persoal, e cada un segundo o seu punto de vista. O home esencialmente é un punto de vista sobre a historia, cada home e cada muller somos un punto de vista no universo, dicía **Ortega**, que por certo se cita moito pero non se le nada, aínda que igual tampouco fai moita falla, non sei ben, pero fainos o favor dunha bonita cita coma esta...

Como é un día normal na súa vida, que é o que lle gusta facer na actualidade?

Gústame ler, pasear, preparar artigos, investigar sobre temas históricos. Teño a vantaxe de que vivo en Vigo, teño a Biblioteca Penzol moi preto da casa e que é un dos lugares de máis concentración de textos, libros, documentos e textos que non son doadamente accesibles e accesibles, que non están no mercado, e ademais podo acceder a eles sen moverme demasiado. Tamén é certo que a idade é un pouco, dalgún xeito decátome agora, unha renuncia á mobilidade. Síntome ben aquí. E ben estou tamén nun círculo que vai dende Vigo e as Terras de Turonio até Vilanova dos Infantes, as rías e toda a nosa Raia entre Galicia e o Norte de Portugal.

Para comezar polo principio, que diría o noso benquerido Dylan Thomas, fálenos de Vilanova dos Infantes, da súa infancia, da súa matria...

Pois a miña infancia foi moi atípica, unha infancia privilexiada, de fillo único, algo moi habitual hoxe, pero ben raro na miña época. Normalmente os fillos únicos eran de solteira, ou de persoas que lles faltaba o pai ou a nai moi cedo, xa que as familias eran sempre moi numerosas. Entón

tiven a inmensa sorte de poder vivir unha infancia acomodada na cidade de Ourense, onde tamén coñecín xa, de forma moi directa, as épocas máis duras do franquismo, pois nunha capital de provincia notábase o franquismo moito máis forte, fundamentalmente o despotismo da igrexa católica, que era asfixiante. E tamén a fame, que se notaba máis na cidade que no rural. Tiven a sorte de facer todo aquilo compatible con Vilanova dos Infantes, onde tiña a casa do meu pai, e aquel recuncho convertíase no meu pequeno paraíso. Represión, fame, penurias e necesidades había, pero daba a sensación de que había menos ou de que non era tan duro coma na capital. O poder do franquismo diluíase algo a medida que se afastaba un do centro de poder, que era o centro de poder provincial, claro. Aquí a natureza estaba mais próxima, a agricultura, a gandería, os zapateiros, as historias da xente, e polo tanto todo aquilo era a realidade, era a vida, para min, tamén era, por suposto, a matria e a felicidade, a infancia.

Mais nas Terras de Celanova a represión franquista tamén estaba presente, ao ser o mosteiro da vila unha prisión central, con máis de tres mil presos ao remate da guerra e cos asasinatos do Furriolo e doutros lugares da bisbarra...

Claro que houbo moita represión e un medo que silenciaba dalgún xeito o terror, por iso ás veces para un neno aquilo podía pasar algo máis ou menos desapercibido, porque a xente non falaba abertamente da brutal represión franquista. Aínda lembro algúns daqueles moros que viñeran con Franco de Marrocos, e que ao rematar a guerra traballaban no cárcere de Celanova, e que mesmo chegaron a plantar kif na serra de Vilanova... Cando fun medrando xa fun cada vez máis consciente dos asasinatos, das represalias e das consecuencias da barbarie na nosa terra. Un pobo sen memoria é un pobo neurótico... Por iso foi tan importante todo o traballo de recuperación da memoria que fixo o colectivo Arraianos ao longo dos últimos anos, os dous congresos sobre Represión, Solidariedade e Resistencia Antifranquista e a publicación das actas na *Revista Arraianos*, a construción do Mural do Furriolo, unha obra mestra da arte contemporánea galega, deseñada por Xosé Vizoso, que é un monumento aos nosos mortos e ás vítimas da represión, que xa vai quedar aí para sempre. Para que todo isto nunca máis se poida silenciar.

Ten pasado vostede recentemente polo Furriolo?

Moitas veces paso por alí, polo Alto do Furriolo, para admirar ese fermoso mural, que é coma un berro de liberdade fronte á barbarie franquista. E lembro ben que ademais aínda puideron inauguralo nos actos organizados por Arraianos algúns daqueles represaliados e os seus familiares, e valoro moito ese exercicio de memoria e dignificación das vítimas, que é moi importante para poder ser un pobo cunha boa saúde mental, tanto individual como colectiva. Hai que facer memoria para non caer na neurose.

Despois de Ourense, a familia trasládase a Pontevedra, xa a finais dos anos corenta, e que supuxo esa mudanza para vostede?

Fomos vivir a unha cidade, no fondo, moi parecida a Ourense, mais cunha particularidade, que era máis pequena, ou a min polo menos daquela parecíame máis pequena, pode que con algo menos de habitantes pero moi parecida no fondo. Un lugar no que predominaba de forma absoluta a vida administrativa, o Estado, a Igrexa e a Falange. Tamén foi aquí a miña primeira escola política, no sentido de que en Pontevedra aprendín a dicirille non a algunhas cousas, e máis concretamente ao Frente de Juventudes. Non fun afiliado nunca, non o pisei, como tamén é certo, por outro lado, que fixo unha boa parte da miña xeración. Dicir que todos pasamos pola Falange, polo fascismo, todo iso é un mito, teño moitos amigos que aínda viven e que non estiveron alí. Outros estiveron e deixaron de estar, felizmente. Pontevedra era un espírito culto,

e Ourense tamén o era, a pesar de todo... Tiña un bo museo, Ourense tamén o tiña, e unha biblioteca pública excelente nas dúas cidades, polo que tampouco me sorprendeu nada excesivamente. Tiña un río Pontevedra, pero Ourense aínda tiña un río máis grande. Quero dicir que non se saía da orde cotiá aquela Pontevedra. O que pasa é que alí fíxeme adolescente e medrei, e aprendín a dicir non, mais sen perder nunca o contacto con Ourense e Vilanova.

Unha adolescencia que empeza en Pontevedra e que despois se desenvolve tamén en Vigo e Santiago. Como vive esa nova etapa vital, na que nace tamén a conciencia política e que significou despois a chegada a Vigo e a experiencia en Compostela?

En realidade, en Pontevedra non só me formei politicamente, senón que tamén me introducín xa no nacionalismo. Lin ben o *Sempre en Galiza* de Castelao, descubrín a obra de **Antón Vilar Ponte** e formei parte dun círculo, alentado por **Xosé Luís Fontenla Méndez**, que xa era un núcleo nacionalista e de resistencia. De resistencia no que se podía, claro, pero era xa un núcleo político. Así que o certo é que tampouco me revelou moito Santiago, nin **Ramón Piñeiro**, nin tampouco todo ese relato, non. Eu coñecín o nacionalismo en Pontevedra e xa un nacionalismo militante.

En Santiago, onde fun estudar Filosofía e Letras, o que mais resalto é a vida cos compañeiros e compañeiras, que nos iniciábamnos xa máis na cultura, nas viaxes, na vida. E lembro por enriba de todo unha presenza colosal, maxistral, extraordinaria de **Ramón Otero Pedrayo**. Tiven o privilexio de recibir algunha clase súa de Xeografía, chamábase clase de Geografía General de España, pero el alí falaba de todo o que quería e do que lle petaba... Como dirían agora, era transversal, multilateral, poliédrico. Foi quen de explicar Madrid, a cidade de Madrid, durante unha semana enteira, durante unha hora diaria, con todo detalle. Madrid só, sen un papel diante. Un Madrid diferente, republicano, libertario, un Madrid descoñecido para nós e mesmo para moitos madrileños.

É o mesmo Madrid ao que se traslada vostede no ano 1957, foi como trasladar a lección de Otero Pedrayo ao terreo?

Si, e deime conta de que, sen buscalo, e grazas a Otero Pedrayo, eu xa era un gran coñecedor de Madrid cando cheguei, sobre todo do Madrid antigo, pero tamén daquel Madrid decimonónico. Sabía cousas ben interesantes que non sabían nin eles, por aquelas leccións do gran Mestre Otero...

Como por exemplo?

Pois por exemplo toda aquela fauna humana do rastro, da taberna de Francisco Sánchez, creo que se chamaba, que aínda existe, das relacións con **Galdós**. Todo aquilo levábao xa ben sabido dende Santiago grazas a Otero.

Trasládase a Madrid, alí licénciase en Filoloxía Románica e hai xa un contacto estreito con outros compañeiros comprometidos politicamente e fundase tamén o grupo Brais Pinto, mais que vén sendo ese grupo?

Fundamentalmente foi unha atracción recíproca dun grupo de persoas da miña idade, que xa previamente nos coñeciamos, e que eramos nacionalistas. Xuntámonos por afinidade política, e pouco a pouco fomos descubrindo que tamén nos unía un certo rexeitamento á cidade. Non á cidade obreira, pois algúns de nós viviamos naquel Madrid e estabamos en contacto directo coa máis profunda realidade da miseria, unhas formas de miseria que nós non coñeceramos en Galicia. Os suburbios das casoupas, das chabolas... E coñecín aos xitanos, e tamén aos *quinquis*

madrileños. Esa foi unha das fontes educativas esenciais de Madrid. Normalmente non se coñece esa realidade máis que pola novela *Tiempo de silencio*, de **Martín Santos**, magnífica obra, por certo. Pois todo iso vivino eu alí daquela. Ese era o meu Madrid... Naturalmente compaxinando aquelas experiencias vitais coas clases, maxistrais tamén, de **Dámaso Alonso** e doutros profesores de extracción republicana. Iso para min foi un agasallo na vida, un regalo dos deuses, aquela era outra forma de entender a universidade, de entender a propia vida universitaria. Tamén alí tiveron ocasión de sortear o SEU e colocarme á marxe de toda a oficialidade na oposición do sistema universitario vixente. E teño que confesar que o fixemos sen demasiado esforzo, porque toda a xente que coñecía facía o mesmo, non era heroísmo individual, case era unha forma de ser que eu sinto hoxe como maioritaria no mundo universitario daquel Madrid.

E quen era aquela tropa que andaba arredor do grupo Brais Pinto, só universitarios ou tamén traballadores?

Brais Pinto felizmente estaba fóra da universidade. Digo felizmente, non porque odie a Universidade de Madrid. Pese ao que se diga nalgúns libros de texto, Brais Pinto non era un grupo universitario, pois universitarios só eramos tres, **Emilio Barreiro**, **Ramón Lorenzo** e mais eu, que viviamos dos nosos pais. O resto eran traballadores, da construción, ou da industria e outros da banca, como **Reimundo Patiño**. A maioría estaban implicados no mundo laboral e iso notábase nas posicións de esquerdas e no compromiso político. Por outro lado, acumulaban uns enormes coñecementos en materia de arte, pintura, escultura, como por exemplo no caso de Patiño, e eran moi avanzados politicamente. En xeral, abranguían un mundo de coñecementos en materia de política, filosofía ou arte, que non era o común, non era o que se recibía, por exemplo, a través das revistas culturais da época, e non digamos xa nas que eran máis do réxime. Non coñecían a cultura a través das revistas, suplementos ou das páxinas culturais dos diarios da época, ían directamente ás fontes. E iso abriunos a mente.

E quen era ese tal Brais Pinto, de onde lle veu o nome ao grupo?

A verdade é que seica era un afiadador, non sei de que aldea, de Nogueira de Ramuín. Deu a volta ao mundo varias veces coa roda e foi morrer en Madrid atropelado por un autobús ou un tranvía. Non é verdade, non ou si... quen sabe... igual é todo un invento de **Xosé Fernández Ferreiro**.

Despois vostede colle tamén a súa roda de afiar e comeza a viaxar fóra. Vai a Oxford, coñece a cultura inglesa, viaxa algo por Europa. E como foi a experiencia afeito a vivir en España?

Da cultura inglesa fundamentalmente aprendín no pub. Oxford é unha cidade moi culta, mais tamén é obreira, cousa que se ignora habitualmente. Alí estaba en Cowley, nas aforas de Oxford, onde estaba a fábrica de Morris, e moitos traballadores, onde por certo traballei un pouco tamén, na limpeza. Aínda había obreiros maiores que se me queixaban porque Inglaterra non tomara partido na Guerra de España, que eles se lembraban, e por suposto estaban a favor da República. Eran laboristas que falaban igual cós comunistas, e iso era Oxford. Había cultura na universidade, en medios moi restrinxidos, por parte de persoas que despois foron dirixentes en África, estudantes das antigas colonias e por parte doutros que chegarían a ser dirixentes políticos e intelectuais na ciencia e nas letras. E había un coñecemento do marxismo infinitamente superior ao que había en España, e mesmo nos medios que se chamaban comunistas. Alí sabíase perfectamente o que era, líase, estudábase e comentábase. En realidade Oxford foi un achegamento ao marxismo, fundamental e sen tópicos, pois o marxismo vulgar xa o levaba incorporado eu, pero alí entrei en contacto xa co marxismo serio, con rigor.

Nos anos 60 viaxa tamén a outros lugares de Europa. Gustaríame saber que supuxeron aquelas viaxes, xa que daquela España estaba como estaba, e debía ser unha experiencia extraordinaria...

O certo é que era un cambio de aires moi agradábel. Lembro sobre todo dúas estadías, dous veráns nun campo de traballo de verán, de vacacións, de recreo, que se facía nun chalé en plena Costa Azul, que era do Partido Comunista. Creo que llo regalara **Malraux**, que era rico mais que estaba comprometido coa esquerda. E alí había un refuxio internacional magnífico, onde coincidíamos cos aprendices da Renault e da Citroën, e tamén entrei en contacto con rapaces e rapazas máis novos ca min e da miña idade. No tempo da guerra de Alxeria, por exemplo, lembro que alí estaba eu discutindo con aqueles comunistas de base e comunistas obreiros, e decateime do lonxe que estaban de ser quen de sentiren e empatizar co anti-imperialismo. Eran franceses, ante todo e sobre todo. Parecíalles unha barbaridade pequeno-burguesa. Tivemos unha discusión un pouco dura, pero servíume para aprender. Naquel momento o único intelectual francés realmente crítico era **Sartre**. Pero xa me dirás cantos intelectuais aquí piden hoxe, por exemplo, unha negociación para a pacificación de Cataluña, pois ninguén. Aquilo tamén me fixo sentir escéptico con respecto a moitas actitudes da esquerda.

Na década de 1960 empeza tamén outra etapa na súa vida moi importante, faise profesor... hoxe cre vostede que acertou co seu traballo?

Por suposto que me sinto acertado na miña escolla e no meu empeño por gañar as oposicións. Se non eu non tería futuro ningún, nin liberdade para facer o que fixen, se non tivera o respaldo dunha cátedra oficial. Se eu non a fixera botábanme, igual tería que traballar na prensa, que me encanta, pero só podería escribir coma un mandado, sempre foi así, pero daquela como mandaba non só o dono do xornal, senón tamén o delegado de información e turismo, aínda sería moito peor. Así que iso tería sido un non vivir. Co meu traballo puiden gañar unha certa independencia, moi importante para aquel tempo, e iso proporcionoume ter sido profesor de instituto. Todo un acerto...

Os seus alumnos lémbraño con agarimo. Hai algunha lembranza amarga desa época?

Non, por parte dos alumnos, ningunha. Hai, iso si, algunha lembranza dura de detencións ou de prisión, e de represión brutal, pero non ten nada que ver co instituto, pois eu sempre separei a docencia da miña actividade clandestina. Teño a historia de que pretenderon frear o movemento estudantil no instituto Santa Irene, que daquela estaba instalado en Coia, por obras. Houbo un enfrontamento tremendo coa dirección, que pretendía parar o movemento estudantil, claramente de esquerdas, e algúns profesores tivemos que tomar partido nas asembleas en defensa dos estudantes, polo que fun sometido a un expediente académico. Pero en fin, nada do outro mundo, son cousas que lle pasaron a moita outra xente comprometida.

O que debeu ser unha experiencia traumática foi o do cárcere, que lembra diso?

O cárcere foi unha experiencia louca. Hai experiencias que son límite, e esta é unha delas. Supoño que mesmo as hai moito máis alá, en vez de recibir un duro interrogatorio podes recibir unha tortura minuciosa. Felizmente, nunca me aplicaron ese método, pero o feito de estar preso, con perspectivas de non saír en dous anos, iso non é unha cousa fácil para ninguén. En todo caso, hai que estar dereitos e hai que manterse, outros sufriron máis anos en prisión e saíron como entraron de enteiros. Pero si, serviu para consolidarme no que son e para coñecerme a min mesmo como persoa máis fondamente.

Vostede estivo proposto para o Nobel de Literatura, ten numerosos premios e recoñecementos e mesmo se estuda a súa obra nos libros de texto, pero se vostede lle tivese que explicar aos alumnos a traxectoria de Méndez Ferrín, como lla contaría?

Non lla contaría, porque unha das cousas que aprendín foi iso que dixo **Kant**, De nós, calemos. Non digamos nada, para min sempre foi un lema falar o menos posible de min, e cando se me pregunta a min sobre min, pois aproveitar para falar dos outros, ou da historia, ou do que me interesa en cada momento... é unha actividade moi saudable non falar moito dun mesmo e fuxir da egolatría, que só oculta complexos e outras trapalladas.

Pero vostede é moi valorado e bastante lido en Galicia, non?

Pois a min paréceme que bastante pouco, e así polas contas que me pasan os editores isto confirmase...

Podería irnos mellor, se cadra, se leramos máis a Xosé Luís Méndez Ferrín?

Non oh, para nada... Habería que ler máis a todo o mundo, porque sei que lle pasa o mesmo a outros tamén, que son pouco lidos. Non só me acontece a min isto... É un mal xeneralizado.

Pero o que vostede sabe é que hai moitos ‘ferrinianos’ incondicionais en Galicia, non?

Non che sei. Hai que cuestionalo todo. Cando se fala dese andaluz universal, **Juan Ramón Jiménez**... que hai de certo niso? Pois vaite ás mellores librarías de Oxford e mira canto Juan Ramón Jiménez hai traducido ao inglés. Nada, ou cero, ou non hai ou descatalogado. De toda a literatura española, o que se coñece no mundo son **Lorca** e **Cervantes**, e punto. Iso é a famosa literatura española. E a nós que nos queda? Somos unha literatura subalterna, unha literatura descoñecida, que non está nin sequera nos escaparates das librerías de Galicia... Ti vai agora, ou mesmo quen estea lendo esta entrevista que faga un experimento, que viva a experiencia de pasar diante dunha librería de Santiago, de Vigo, da Coruña, de Ourense ou de Pontevedra. Salvo algunhas especializadas e mesmo heroicas, que teñen libros en galego e mesmo se atreven a telos en portugués nos escaparates, non hai nada, e xa non digamos nos quioscos, que venden libros tamén. Seguimos sendo unha literatura marxinal, unha literatura subalterna.

A boa literatura é a que se escribe en castelán, iso é o que se opina o público xeral. De acordo, hai persoas que non, e esas persoas son as que teñen unha idea de cultura como resistencia, non de normalidade, e ata que non se normalice e o país non se emancipe, e se apropie da súa propia historia, que lla roubaron, e da súa propia condición e da súa propia lingua, pois nada que facer... Avanzouse moito nese asunto pero aínda hai que avanzar moito máis.

Pensa vostede en como lle gustaría ser lembrado?

Non teño idea, nin tampouco me preocupa moito iso.

E, aos oitenta anos, tenlle medo á morte?

Á morte, non demasiado. Teño medo a ser un morto en vida, ou un discapacitado total, ou a perder a conciencia. Para iso é mellor morrer, pero diso non estamos ninguén libre, nin eu nin ninguén. Aínda que se deron magníficos avances en favor da eutanasia, e se están dando. Menos mal...

E, xa para rematar, unha pregunta importante, que lle pareceu a serie ‘Fariña’?

Encantoume e seguina con atención, porque ademais que eu coñecín ao Terito, que era o avó dun compañeiro meu. Dá gusto ver series tan ben feitas, sen complexos, que falan da nosa historia e que triunfan por aí adiante.